



CIRCULAR FIN DE CURSO

Estimadas familias:

Ante o fin de curso 2020/2021 queremos informar das seguintes cuestións:

1. Remate das clases e entrega de cualificacións

As clases rematan mañan día 22 de xuño. O boletín de cualificacións finais entregarase aos alumnos ao final da xornada lectiva e publicaranse na plataforma Abalarmóbil.

O centro estará aberto a efectos administrativos as dúas primeiras semanas do mes de xullo de 09:30 a 13:00h.

2. Entrevistas de pais/nais co profesorado

Os pais/nais/titores legais que consideren ter unha entrevista de final de curso co profesorado do Centro, poderán facelo desde o día 23 ao 30 de xuño, previa petición de hora.

Dacordo coa **Orde do 09 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, **as nais e pais do alumnado de 6º curso** deberán acudir ao Centro, **o día 30 de xuño de 12:00 a 13:30 h na secretaría do centro**, para retirar **o Historial Académico** dos seus fillos/as, asinando o recibín correspondente. Caso de non poder asistir nese día, poderán retirar ditos documentos, con posterioridade na Secretaría do Centro.

3. Libros de texto

A listaxe **de libros de texto** para o curso escolar 2021-22 está exposta no taboleiro de anuncios do Centro e publicada na páxina web.

Respecto ao programas de libros e materiais escolares, recordar que deberemos estar ao disposto na **ORDE** do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria (DOG 20 de maio de 2021).

Toda a información referida a Fondo de libros (listaxes de adxudicacións), estará actualizada na páxina web do centro onde se indicará que día/días poderán recoller os cheques de libros e material.

IMPORTANTE: Lémbrese a todas as familias que **é requisito imprescindible devolver os libros de texto** recibidos do fondo solidario no curso 2020/21. Art.5º



4. Comedor Escolar e Programa de Madrugadores

No próximo curso seguirán a funcionar os servizos de Comedor Escolar e o Programa Madrugadores, ámbolos dous ao cargo ANPA "AVANTAR". Para coñecer os prazos de solicitudes deberán dirixirse a ANPA.

5. Comezo do próximo curso escolar

As clases darán comezo o 9 de setembro de 2021 de acordo ca Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A información será publicada na web do centro. O Colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de setembro.

As familias do alumnado de educación infantil de tres anos quedan convocadas a una reunión inicial o día 06 de setembro ás 12:30h.

Os membros do Claustro de Profesorado e Consello Escolar aproveitan este final de curso para agradecer ás familias a colaboración no desenvolvemento do curso escolar 2020-2021 e despíden especialmente ao alumnado de 6º curso que promociona cara o Instituto no vindeiro curso.

Reciban un cordial e afectuoso saúdo.

A Coruña, 21 de xuño de 2021

**A DIRECCIÓN DO
CENTRO**